

**PROXECTO DE
INNOVACIÓN EN
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DO IES-
CHAPELA**

CURSO 2007/08

Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do IES-Chapela

O alumnado de ESO e bacharelato do noso instituto é, case na súa totalidade, das parroquias de Chapela (8.000 habitantes) e Trasmañó (1.200 habitantes), pertencentes ao concello de Redondela. Aínda que en parte son rurais, na actualidade, pola súa proximidade a Vigo, son case barrios desta cidade.

Precisamos unha elevada potenciación do uso do galego fóra das aulas e, cada vez máis, no traballo coas novas tecnoloxías, se non queremos quedar descolgados fronte ao castelán ou mesmo ao inglés.

O podcasting debería ser un medio para despertar entre o noso alumnado o interese por descubrir novos aspectos de internet, dando a coñecer, ao mesmo tempo, cos seus proxectos os lugares e o contorno no que viven.

A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación Propostas metodolóxicas e de actividades e contidos que se van desenvolver

1. Weblog da Biblioteca do IES Chapela

<http://bibliochapela.blogspot.com>

Os alumnos e alumnas colgarán os seus postos ou comentarios sobre libros e literatura en galego.

Colaboración: Seminario de Lingua Galega, Grupo de Traballo de Dinamización da Biblioteca, coordinador/a Equipo de Normalización Lingüística e coordinador/a Proxectos TIC.

Elección dos libros: Seminario de Galego (libros de lectura obrigatoria), responsables da Biblioteca (libros escollidos, libros da semana ou do mes).

Incentivos: indicar a principio de curso que se terá en conta á hora das notas (cantas décimas subirá a nota).

Elaboración dos posts:

1. Sinopse do contido do libro.
2. Personaxes principais.
3. Opinión persoal, recomendas este libro? Idear algún sistema de clasificación.

Proceso:

1. Elaboración do post ou comentario no caderno. Presentarlllo ao profesor/a de galego.

2. A continuación, o alumno/a pasará os comentarios a ordenador na aula de informática ou nos ordenadores da biblioteca e gardaraos nunha carpeta do escritorio.
3. O coordinador TIC gravará os comentarios nun dispositivo de memoria extraíble e poraos á disposición do coordinador do ENL para a súa corrección ortográfica.
4. Finalmente, o coordinador de proxectos TIC colgará os posts no weblog.

2. Weblog de tecnoloxías das clases de 4.º ESO

<http://ieschapela-4esoa.blogspot.com>

<http://ieschapela-4esob.blogspot.com>

Os alumnos/as elaborarán e colgarán os seus posts ou comentarios sobre temas de novas tecnoloxías da comunicación e da información.

Colaboración: Seminario de Tecnoloxía, coordinador/a ENL e coordinador/a de proxectos TIC.

Temas: o profesor ou profesora propondrá os temas de investigación ao inicio do vindeiro curso 2007/2008 que terán que ver co novo currículo para 4.º da ESO. Informaranse os alumnos/as de que os traballos deberán ser redactados en lingua galega e de que para a súa elaboración poderán contar cos recursos cos que conta a Aula de Informática do centro: conexión a internet de banda ancha e revistas e libros. Na programación didáctica da materia quedará recollido que a elaboración dos traballos ten como finalidade relacionar a lingua galega coas novas tecnoloxías e que contarán de medio punto a un punto na cualificación de cada trimestre.

Proceso:

1. Os alumnos/as traballarán en grupos de dous buscando información sobre o tema escollido no libro de texto, na rede e nas revistas de informática. Tomarán notas nos seus cadernos, indicando as referencias bibliográficas e os enderezos de internet interesantes. As imaxes que atopen na rede ou que obteñan por escaneado poderán gravar nun cartafol do seu ordenador.
2. O profesor/a supervisará os cadernos e guiará en todo momento o proceso, subministrando un guiión de elaboración de traballos tipo mapa conceptual que poderá ser en formato de webquest. Para que os proxectos non se limiten a un “recorta” e “pega”, só se admitirán os traballos elaborados nos cadernos, de acordo co guiión establecido.
3. Unha vez que os cadernos sexan revisados, os alumnos/as poden pasar a escribir os artigos nun procesador de textos e gardarano nun cartafol do escritorio. As imaxes deberán gardarse á parte.

4. Para a tradución de páxinas web ou textos en castelán, poderase empregar o tradutor recentemente subministrado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ou ben solicitar a axuda do coordinador/a do ENL do centro.

5. Unha vez que os comentarios sexan revisados e corrixidos de erros ortográficos, colgaranse no weblog da clase. O profesor de tecnoloxía/coordinador de proxectos TIC explicarlle ao alumnado como se fai paso a paso, empregando a ferramenta en liña Blogger, facendo constar que as imaxes teñen que ser subidas á parte.

3. Webquest, miniquist e buscas do tesouro

Unha webquest é un modelo de aprendizaxe moi simple para propiciar o uso educativo de internet, baseado na aprendizaxe cooperativa e en procesos de investigación. Basicamente é unha exploración dirixida, que culmina coa produción dunha páxina web ou unha presentación.

A nosa proposta consiste en lle propor ao alumnado temas atractivos e relevantes que teñan que ver co currículo dalgunha materia, para que sexan desenvolvidos nos ordenadores da aula de informática e unha ou varias webquest en lingua galega.

Pretendemos con iso crear novos ámbitos de uso do galego que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas. A estrutura da webquest será:

-Introdución, que intente facer a actividade atractiva e divertida para os estudantes.

-Tarefa, coa descrición do que terán que presentar ao termo da actividade: unha presentación informática, unha páxina web, unha videoconferencia, unha exposición verbal.

-Proceso ou exposición dos pasos que debe seguir o estudante para levar a cabo a tarefa.

-Recursos ou lista de sitios web que localizou o profesorado para lle axudar ao estudante a completar a tarefa.

-Avaliación, mediante un patrón ou matriz de avaliación, con indicación clara das metas e unha valoración acorde coas tarefas específicas.

-Conclusión, a xeito de resumo ou reflexión sobre todo o proceso.

As miniquests son tamén módulos de instrución en liña, desenvolvidas en resposta ás limitacións de tempo e dificultades prácticas para deseñar webquests. Serven para levar a cabo actividades instrutivas nun tempo relativamente curto.

A nosa proposta consiste en deseñar, en colaboración co coordinador de proxectos TIC do noso centro, miniquist en lingua galega dunha ou dúas sesións, de descubrimento (para

presentar os estudantes unha unidade curricular particular) ou de exploración (para aprender un contido).

As miniquest deberán ser actividades de investigación nas que teñan que facer síntese da información para construír coñecemento.

Finalmente, neste punto, o noso proxecto de innovación en normalización lingüística inclúe o deseño de actividades de “busca do tesouro” para desenvolver polos nosos alumnos e alumnas nos ordenadores da biblioteca do centro. Trátase dunha páxina web cunha serie de preguntas e unha lista de recursos en internet. A estrutura das buscas do tesouro será a seguinte:

-Introdución, para motivar o alumnado e espertar o seu interese.

-Preguntas, máis ou menos difíciles de responder.

-Recursos ou lista de páxinas web onde atopar información significativa.

-O gran reto, a gran pregunta ou big question, que deberá ser contestada tras unha reflexión e síntese de toda a información obtida. A resposta á gran pregunta, que coincidirá cun obxectivo curricular, non se poderá atopar directamente en ningunha páxina de recursos, senón que dependerá das respostas anteriores. Na biblioteca, o alumnado interesado establecerá quendas de uso dos ordenadores e, posteriormente, elaborará as respostas. Para a avaliación estableceranse algúns indicadores da calidade do proceso, orixinalidade, traballo en equipo, manexo da tecnoloxía, expresión escrita...

4. Proxecto de aprendizaxe colaborativo con TIC: proxecto Podcast (Falanguillo) para o fomento do uso do galego no noso centro dentro e fóra das aulas

4.1 Introducción

O podcasting constitúe un novo xeito de comunicarse que permite distribuír contidos educativos en forma de arquivos de audio (polo xeral MP3 ou ogg), para que poidan verse ou escoitarse tanto no ordenador coma no iPod ou MP4, liberando así a aprendizaxe das limitacións de aulas e horarios e motivando os alumnos a través dunha nova metodoloxía máis dinámica e novidosa. O Podcasting utiliza redes RSS para distribuír o contido, de xeito que os arquivos quedan almacenados nun servidor de internet e os subscritores baixan os ficheiros automaticamente. Poderemos engadir contido cando creamos que teñamos unha boa idea para un programa. Nun principio, farémolos curtos e ben planificados, por exemplo un debate ou programa realizado polos alumnos e alumnas sobre unha temática concreta ou ben unha presentación sobre un tema. Deberemos considerar os seguintes pasos:

1. Selección apropiada dunha temática curricular.
2. Traballo previo de busca e interpretación da información que se vai empregar na elaboración do podcast ou falangullo.
3. Elaboración dun guión que considere:
 - 1) Presentación.
 - 2) Introducción.
 - 3) Requisitos previos.
 - 4) Desenvolvemento.
 - 5) Repaso.
 - 6) Síntese.
 - 7) Despedida
4. Sons ou fondo musical acorde co tema.

4.2 Proposta didáctica:

4.2.1 Xustificación

Este deseño de aprendizaxe colaborativo xorde da necesidade de traballar as destrezas de comunicación oral en lingua galega cos nosos alumnos de ESO e bacharelato. O noso principal obxectivo é que melloren a súa competencia comunicativa tirando o máximo proveito que internet lle pon ao seu alcance.

Buscamos que se impliquen na creación dos seus propios falangullos, de forma que contribúan coas súas achegas á promoción e uso do galego en diferentes ámbitos.

Dividiremos este deseño en dúas grandes seccións: primeiro, as tarefas previas que han de ser desenvolvidas polo docente e a súa posterior implementación co alumnado.

4.2.2 Obxectivos

Obxectivo xeral

- Desenvolver a competencia comunicativa dos nosos alumnos/as, en especial a comunicación oral en galego a través do uso das novas tecnoloxías.

Obxectivos específicos:

- Familiarizarse cos sistemas de participación individual e colectiva de internet (weblogs, webquest, videoconferencias, falangullos (podcast)...).
- Coñecer a técnica de podcasting, como medio para aprender a aprender, facendo uso dos podcasts gratuítos en galego dispoñibles na rede.

- Mellorar e atender á pronunciación correcta ou ritmo e ao ton en lingua galega, atendendo a diferentes situacións comunicativas.
- Contribuír con achegas propias a internet sobre Chapela e o seu ámbito en galego e, en colaboración co Departamento de Música do instituto, con música e son de elaboración propia.
- Espertar a curiosidade por outros usos de internet: motores de busca galego, galipedia, software libre, licenzas creative commons, interese polas creadoras e creadores galegas que difunden as súas obras a través da rede.

4.2.3 Desenvolvemento do proxecto

4.2.3.1 Tarefas previas

-Elección do contido apropiado

Atopáronos ante alumnos de 4.º ESO e de bacharelato que tiveron contacto coa informática nas clases de tecnoloxía e que manifestaron que entre as súas principais afeccións se atopaba o uso de internet. Por outra banda, os nosos alumnos estudan no centro IES Chapela, parroquia de Redondela que practicamente se converteu pola súa proximidade nun barrio de Vigo. Trátase dun centro que precisa dunha potenciación do uso do galego fóra das aulas. O podcasting pode espertar entre o alumnado a curiosidade por descubrir novos aspectos de internet, ao mesmo tempo que eles mesmos tentarán dar a coñecer mediante os seus proxectos a parroquia na que viven.

-Formación dos grupos

Os grupos de traballo formaranse por iniciativa dos alumnos cun agrupamento libre con restricións: o profesor aconsellará que polo menos un dos membros do grupo domine ou teña facilidade coas técnicas informáticas básicas que se precisen. O nivel de coñecemento de partida é similar de cara ao obxectivo formulado. A proposta levarase á práctica no segundo cuadrimestre, de modo que o alumnado xa tivo a oportunidade de coñecerse entre si. Cada un dos grupos encargárase dunha área temática específica.

-Preparación de materiais e instrucións

Materiais

Un dos obxectivos máis relevantes neste proxecto é o uso de TIC e a súa relación coa nosa lingua, de tal forma que o ordenador se converta nunha ferramenta indispensable.

De seguido, preséntase unha táboa cos recursos de hardware e de software necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto, en calquera das súas fases.

Hardware necesario

- Ordenador.
- Altfalantes.
- Micrófono.
- Escáner para ilustrar as distintas exposicións.
- Canón de vídeo

Software necesario

- Procesador de textos para a realización dos guións OpenOffice.org en galego <http://www.mancomun.org/> http://www.sociedadedainformacion.eu/recursos/index.php?txt=recursos_ferramentas
- Editor de sitios web para a publicación dos resultados.
- 3 programas gratuítos e de código aberto:
 - Audacity <http://audacity.sourceforge.net/>
 - Lame MP3 Encoder <http://lame.sourceforge.net/index.php>
 - Easypodcast <http://www.easypodcast.com/index-es.html>. Permite publicar a canle RSS (formato empregado para as subscricións de contidos na rede). Conforme vaiamos gravando novos episodios do podcast, o arquivo RSS irá crecendo con novos elementos e actualizacións
- Outra posibilidade: escoitar a gravación de audio cun reprodutor (mediante o plugin de macromedia Flash), incrustado nunha páxina web ou weblog.
 - Códigos para inserir reprodutores: <http://www.colewebs.org/spip.php?article24>
 - Reprodutor EMFF. Funciona en Windons e Linux. É un reprodutor de código aberto que se pode descargar da rede: emff_lila.swf
 - Reprodutor Flash de Dew. É gratuíto e de licenza libre Creative Commons. Tamaño: 2 kb: dewplayer.swf
- Tradutores de galego na rede: http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias
- Tradutor automático castelán-galego: programa ESGL, publicado en CD-ROM pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Técnica de podcasting <http://gl.wikipedia.org/wiki/Podcasting>
- Podcasts gratuítos en galego dispoñibles na rede <http://podgalego.org/>
- Listaxe de sitios onde atopar música e sons para os nosos falangullos: <http://magnatune.com> ou ben <http://aregueifa.net/>. Neles poderemos escoitar música, descargala para usala sen ánimo de lucro ou utilízala como banda sonora do noso falangullo educativo. Trátase de artistas que se acolleron á licenza "some rights reserved" de Creative Commons, que é equivalente á licenza GPL utilizada polos proxectos de software libre.
- iTunes de Apple, para organizar, reproducir e descargar podcast gratuítos: <http://www.apple.com/es/itunes/download/>

4.2.3.2 Folla de proceso

a. Resultado final

Publicación periódica no sitio web do IES Chapela, por parte do alumnado, de falangullos, durante, polo menos, os dous últimos trimestres, sobre diversos temas de debate ou de actualidade e sobre Chapela e o seu ámbito. Cada podcast, ademais de arquivo de audio básico, conterá un guión e exercicios de comprensión. Os exercicios serán obra do profesor.

b. Tarefas específicas

1. Formación de grupos e selección da temática específica que se vai tratar. O coordinador do Equipo de Normalización Lingüística suxire as seguintes temáticas como punto de referencia:

Chapela e os seus barrios

A batalla de Rande

.....

.....

2. Busca de información a través de diversas fontes: internet, biblioteca do instituto e Biblioteca Pública de Chapela, entrevistas a persoas relacionadas...

3. Redacción do guión en galego cun procesador de textos. O guión poderá ter a forma de ensaio ou entrevista e terá unha duración, ao ser lido de, polo menos, 5 minutos sen incluír música nin efectos sonoros.

O guión literario, que recollerá o discurso oral e conterá obrigatoriamente unha introdución e unha conclusión, será corrixido por parte do profesorado de galego.

4. Busca da vocalización e pronunciación correcta dos termos en que se teña dúbida. Ensaio do ton e velocidade de lectura. Corrección por parte do profesorado de galego e coordinadores ENL.

5. Primeira gravación de audio. Inclusión de música ou efectos sonoros similares aos dos programas radiofónicos. Evitar no posible o son ou ruído de ambiente.

6. Gravación definitiva e conversión ao formato MP3. Corrección.

7. Creación da páxina web na que se inserirá o arquivo de audio e o guión.

8. Xeración de feeds e publicación periódica de falangullos.

9. Publicación dos proxectos en foros relevantes relacionados con podcast para o ensino e/ou promoción do galego. Posta en contacto <http://podgalego.org/> con outros grupos similares para facilitar o intercambio de información.

10. Avaliación global do proxecto.

c. Calendario

Os podcasts publicaranse a partir da primeira semana de marzo. Para entón todos os subgrupos presentarían os seus proxectos. Decidirase, a continuación, a súa orde de publicación periódica.

d. Temporalización

Período	Acción
Segunda semana de xaneiro 2008	Selección definitiva dos temas.
Terceira semana de xaneiro 2008	Presentación da documentación
Cuarta semana de xaneiro 2008	Primeiro guión en galego e a súa corrección.
Segunda semana de febreiro 2008	Presentación definitiva do guión en galego en formato .RTF.
Terceira semana de febreiro 2008	Aprendizaxe das técnicas informáticas básicas e ensaios de vocalización e velocidade para a lectura do guión.
Cuarta semana de febreiro 2008	Presentación das primeiras gravacións.
Primeira semana de marzo 2008	Presentación definitiva das gravacións e páxinas webs co guión de lectura incorporado.
Segunda semana de marzo 2008	Presentación inicial do proxecto. Publicación dos dous primeiros falangullos.
A partir deste momento, publicarase un podcast por semana ata final de curso.	
Ao final do terceiro trimestre, avaliarase a consecución do proxecto, co fin de descubrir se se alcanzaron os obxectivos propostos.	

e. Formato e características da presentación

O guión definitivo deberá ser un arquivo de texto .RTF, os arquivos de audio publicaranse en MP3. A páxina web terá a estrutura e a información básica que se detalla a continuación. Os/as alumnos/as poderán cambiar o tipo e tamaño de letra, cores e imaxes.

O aspecto da accesibilidade será publicado, xunto co arquivo de voz, cunha transcripción do que dicimos na gravación ou, polo menos, un resumo. Desta forma, as persoas xordas ou con problemas de oído non quedan excluídas.

IES Chapela. Proxecto de falangullo

Falangullo número...

Título

Data

Autores

Arquivo MP3	Tamaño do arquivo:....MB	Duración:....minutos	Data
-------------	--------------------------	----------------------	------

Imaxes 1, 2, 3

BAIXAR O MP3 / TRANSCRICIÓN / ACTIVIDADES

Reprodutor Flash

Transcrición / Guión

Actividades

PÁXINA DE INICIO

f. Avaliación

Este proxecto avaliarase a final do curso 2007/08, unha vez que o alumnado poida darse conta de que as tarefas desenvolvidas produciron algún efecto na forma en que aprenden a comunicarse en galego.

Para a avaliación recibirán unha nota global atendendo a criterios tales como:

- Uso produtivo das novas tecnoloxías.
- A concienciación do perfeccionamento do compoñente oral da competencia comunicativa.
- A investigación realizada sobre a temática elixida e o interese mostrado.

A nota obtida neste proxecto terá un peso dun 10% sobre a nota final do segundo trimestre, en función da correcta lectura e vocalización e a redacción dos guións.

4.3 Metodoloxía

Durante o mes de decembro 2007, o profesor/a exporá, a grandes trazos, en que consiste o proxecto e que é o que queremos conseguir. Comentarase en clase, para motivalos, a

importancia que vai desempeñar este proxecto na mellora das súas competencias lecto-escritas e o peso que vai ter a consecución do traballo na cualificación final.

Os alumnos e alumnas terán que pensar sobre a temática que queren tratar durante as vacacións de Nadal.

Unha vez que regresen de vacacións na segunda semana de xaneiro 2008, subministraráselles unha guía ou folla de proceso que lles permita coñecer máis a fondo os obxectivos que teñen que superar. A devandita folla de proceso publicárase na web do IES Chapela, na sección proxectos de centro, e incluírá hipervínculos a sitios con exemplos e onde se fai un uso educativo dos falangullos.

Nesta segunda semana de xaneiro, os nosos alumnos e alumnas deberían reflexionar sobre:

-Concienciación dos beneficios da técnica de podcasting para dar a coñecer os nosos proxectos, música, afeccións...

-Os nosos podcast iranse publicando periodicamente durante polo menos dous meses.

-A audiencia a quen van dirixidos estes falangullos é xente nova, con interese nos temas tratados e que desexa que o galego se utilice en diferentes contextos, fóra das clases de lingua.

Cada un dos pasos da folla de proceso supervisárase e corrixiase por parte do profesorado de galego e do coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística do centro, así como por parte do coordinador de proxectos TIC e de profesorado do Departamento de Música do IES Chapela.

Dado o previsible alto nivel de motivación dos alumnos e as súas posibles dificultades coas novas tecnoloxías, o profesor ou profesora podería ter que atender os alumnos nos recreos ou en horario extraescolar mediante correo electrónico.

4.4 Conclusión

O uso das TIC ofrece unha oportunidade única para desenvolver a competencia oral en galego dos nosos alumnos e alumnas, ao tratarse dun xeito novo de impartir as clases. Neste proxecto pretendemos combinar as ganas que os nosos alumnos e alumnas teñen por coñecer as novas tecnoloxías e a creación de novos ámbitos de uso do galego oral que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas, co fin de que investiguen sobre a zona na que viven e a dean a coñecer a outros mozos.

Tratarase, en resumidas contas, de facilitar un achegamento interdisciplinar á aprendizaxe da lingua.

Esperamos que esta actividade contribúa á eliminación dos prexuízos lingüísticos ou trabas que impidan o uso habitual do galego por parte do profesorado e alumnado, tanto dentro como fóra das aulas.

5. Proxecto de aprendizaxe colabotativo con TIC (II): videoconferencias Día das Letras Galegas 2008

5.1 Proposta

Resolución conxunta, a través dunha videoconferencia, das actividades propostas nas unidades didácticas sobre a vida e a obra do autor seleccionado no Día das Letras Galegas 2008, Xosé M. Álvarez Blázquez.

Cursos: primeiro de ESO do Instituto de Chapela e sexto de primario dos CEIP adscritos (CEIP Alexandre Bóveda, Igrexa, Laredo e Trasmañó).

Lectura de poemas e establecemento dun debate.

O material producido polos alumnos e alumnas será posteriormente colgado nas páxinas web do IES Chapela e dos centros adscritos.

Organización: coordinador do Equipo de Normalización Lingüística do IES Chapela, o profesorado de galego e mais o coordinador dos proxectos TIC do IES Chapela.

5.2 Obxectivos

- Mellorar as competencias lectoras e escritas na nosa lingua dos alumnos e alumnas dos dous centros.
- Emprego dos recursos TIC dos centros.

5.3 Contidos

- Utilización dos recursos TIC dos centros para a confección, desenvolvemento, publicación e difusión dun proxecto.
- Creación e elaboración de novas mensaxes visuais, orais e escritas.

5.4 Actividades

- En primeiro lugar, o coordinador de proxectos TIC do IES Chapela porá a punto, nos centros, os recursos de hardware e de software necesarios para o correcto funcionamento da actividade.
- O alumnado utilizará os recursos TIC dos centros para a resolución das actividades. Escribirán as resolucións en formato electrónico (procesador de textos ou software de presentacións). Temporalización: dúas clases para a resolución das actividades.

- Deberase elaborar en clase, antes da conexión, un guión da videoconferencia, o que vai expor cada un e cando o fará. Pode ser necesario realizar uns ensaios previos.
- A continuación, establecerase unha videoconferencia entre os dous centros. Comentarán unha a unha as actividades. As profesoras e profesores actuarán como moderadores. Temporalización: unha hora de clase para a videoconferencia.
- O material producido polos alumnos e alumnas será posteriormente colgado nas páxinas web do IES Chapela e dos CEIP, así como unha memoria gráfica da actividade en formato Macromedia Flash.

5.5 Material e recursos necesarios

- Un ordenador en cada clase, equipado con webcam.
- Programa Skype 3.0
- Suite informática con interface en galego Openoffice.
- Aulas de conferencias do IES Chapela e dos CEIPs. Proxectarase a imaxe da outra clase cun canón de vídeo portátil.
- Unidades didácticas do Día das Letras Galegas 2008:

http://centros.edu.xunta.es/ieschapela/seminarios_css/biblio_ies_chapela.htm

5.6 Criterios de avaliación

- Acceder a internet para a utilización de servizos básicos: localización de información (resolución das unidades didácticas), videoconferencias, comunicación das ideas e publicación da información.
- Comprender e producir mensaxes orais e escritas en galego, con propiedade.

6. Máis actuacións previstas para o curso 2007/08 no eido das TIC e a súa relación co fomento do uso do galego.

- Instalación interface de Windows XP e de Microsoft Office en Galego nos ordenadores e aulas de informática do centro.
- Instalación tradutor CAS_GAL da secretaría xeral nos departamentos e aulas de informática do centro e da biblioteca.
- Promoción do emprego da suite OpenOffice.org en galego.